



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de clausura da exposición *A Coruña-Cádiz, La Constitución Hermana 1812-2012*

Casa da Cultura Salvador de Madariaga (A Coruña)
26 de xaneiro de 2013, 12.00 horas

Presidente, directivos e integrantes da Asociación da Prensa da Coruña,
Alcalde da Coruña,
Señoras e señores:

Con frecuencia, ao reivindicar a importancia da posta en valor das institucións democráticas, sempre digo, repito e insisto en que non se pode querer o que non se coñece. E, polo tanto, agora que se achega o momento de valorar a exposición, despois de escoitar o alcalde e o presidente da Asociación da Prensa da Coruña, creo que podemos dicir que cumpriron un obxectivo moi importante, porque grazas a esta mostra milleiros de persoas saben moito máis e, polo tanto queren, moito máis esta Constitución; agardo tamén que a valoren moitísimo máis.

Non foi unha constitución lonxeva, pero si pioneira no máis amplo sentido do termo. Porque foi a primeira constitución da historia de España, porque introduciu



os valores do constitucionalismo moderno (soberanía nacional, división de poderes, igualdade, representación, liberdade...) e porque “funda a nación española no sentido moderno do termo nación”, como explicou recentemente o profesor Blanco Valdés.

Por fortuna, dous séculos despois, e malia as dificultades do momento, España atravesou a etapa de maior estabilidade democrática da súa historia e acontece deste xeito por mor de valores consagrados pola Carta Magna vixente, a de 1978, pero que desenvolve e consolida algúns dos principios plasmados xa na de 1812.

Unha e outra buscaban unha modernización integral de España, se ben só a segunda foi capaz de conseguilo.

Como presidenta do Parlamento de Galicia quero e debo reivindicar o protagonismo dos deputados galegos que formaron parte das Cortes de Cádiz, porque foron tamén –insisto en remarcalo– os primeiros deputados da historia de Galicia.

En datas recentes, o Parlamento de Galicia tivo a satisfacción de acoller a presentación da Constitución de 1812 en galego, promovida polo Consello da Cultura Galega e pola EGAP.

Debo recoñecer que, da lectura do volume ao que me acabo de referir, me sorprendeu e, por que non dicilo,



que me causou admiración e mesmo unha sa envexa descubrir que a Constitución de Cádiz de 1812 foi proclamada e lida en público nalgunhas vilas e cidades da súa época, onde de xeito paralelo se organizaron festexos e outras cerimoniais.

Nun tempo no que, ás veces, se cuestionan principios fundamentais recollidos na Constitución e no que esquecemos que o gran consenso de 1978 nos permite gozar xa de case trinta e cinco anos ininterrompidos de estabilidade institucional, non estaría de máis tomar exemplo dos que dous séculos atrás, en vilas e cidades, se esforzaron en poñer en valor a Carta Magna gaditana.

Porque, señoras e señores, o exemplo de consenso que alumeou a transición continúa tan vixente agora coma daquela, do mesmo xeito que non me cansarei de reivindicar a plena actualidade do marco de convivencia articulado na nosa Constitución, na que hai sitio para todos.

Para quen lles fala, acudir á Coruña, como ben sabe o seu alcalde, Carlos Negreira, é sempre un motivo de fonda satisfacción.

Por iso, agradezo vivamente a invitación cursada pola Asociación da Prensa da Coruña, á que felicito por organizar esta mostra, tan oportuna como coidada en todos os aspectos. E parabéns tamén para o Concello da Coruña polo acerto de promover a iniciativa, que



non só honra a cidade herculina, senón a Galicia enteira.

A todos, moitas grazas.